

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 17 DE NOVEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Ramón Lete Lasa como secretario xeral para o Deporte.
- Decreto polo que se nomea director xeral do Gabinete da Presidencia a Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta na Coruña a Ovidio Rodeiro Tato.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Lugo a José Manuel Balseiro Orol.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Ourense a María Sol Díaz Mouteira.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Pontevedra a José Manuel Cores Tourís.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Vigo a Ignacio López-Chaves Castro.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Novo enlace no p.q. 70+000 da AP-9 coa cidade de Santiago de Compostela, de clave: AC/16/108.01, no concello de Santiago de Compostela.

## ACORDOS

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 20 de abril de 2016 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por importe de corenta e cinco mil euros (45.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 e se dá traslado del ao Parlamento de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a delimitación dos núcleos rurais da Igrexa e A Tellada dentro do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Foz.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecientos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92€).

## INFORMES

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe do sistema de información de condutas de risco-SICRI 2015.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a vendima de 2016.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre as axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, correspondentes ao ano 2016.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CESAMENTO DE JOSÉ RAMÓN LETE LASA COMO SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE**

- *Lete Lasa é licenciado en Dereito, en Psicoloxía e en Filosofía e Ciencias da Educación*
- *Desempeñou diversos cargos na Administración autonómica galega e na madrileña e desde 2009 ostenta o cargo de secretario xeral para o Deporte*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que cesa José Ramón Lete Lasa como secretario xeral para o Deporte, cargo que deixa para pasar a outro destino.

Licenciado en Dereito, en Psicoloxía e en Filosofía e Ciencias da Educación, cursou diversos másters de especialización, como o *Business Administration* da Universidade de California do Sur, o Máster sobre a Unión Europea, das universidades de Santiago de Compostela e Vigo e o Centro Europeo Atlántico, e o Máster en Xestión Pública da UNED.

José Ramón Lete Lasa pertence ao corpo superior da Administración da Xunta de Galicia. Desde 1978 a 1990 formou parte como profesional do baloncesto dos equipos Estudiantes de Madrid, CAI de Zaragoza, Breogán de Lugo, Obradoiro de Santiago e o Bosco de Vigo.

Ao longo da súa traxectoria profesional ocupou os cargos de xefe do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, secretario provincial do Servizo de Saúde de Pontevedra en Vigo da Consellería de Sanidade, inspector de servizos da Consellería de Presidencia e Administración Pública, director xeral da Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas do Ministerio da Presidencia, director xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, subdirector xeral de Promoción Deportiva da Consellería de Cultura e Deportes da Comunidade de Madrid e director xeral de Deportes da Comunidade de Madrid. Desde 2009 desempeña o seu labor como secretario xeral para o Deporte.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ÁLVARO PÉREZ LÓPEZ COMO DIRECTOR XERAL DO GABINETE DA PRESIDENCIA**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Álvaro Pérez López como director xeral do Gabinete da Presidencia, cargo que xa ocupara nas dúas pasadas lexislaturas.

Naceu na Coruña en 1973. É licenciado en Dereito e diplomado en Empresariais pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE), e máster en Dereito Comunitario pola Universidade Libre de Bruxelas.

En 1998 realizou prácticas na oficina da Fundación Galicia-Europa en Bruxelas. Desde 1999 a 2003 traballou como asesor técnico da Consellería de Medio Ambiente, primeiramente na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e posteriormente no organismo autónomo Augas de Galicia.

Entre 2000 e 2002 foi profesor de Dereito Ambiental na Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.

Desde 2003 a 2005 traballou como asesor para asuntos parlamentarios no Gabinete do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Nas pasadas eleccións ao Parlamento de Galicia, foi elixido deputado autonómico pola provincia da Coruña.

## **A XUNTA NOMEA DELEGADOS TERRITORIAIS A OVIDIO RODEIRO, JOSÉ MANUEL BALSEIRO, MARISOL DÍAZ, JOSÉ MANUEL CORES TOURÍS E IGNACIO LÓPEZ-CHAVES**

O Consello da Xunta nomeou hoxe os responsables das cinco delegacións territoriais. Así, Ovidio Rodeiro Tato será delegado territorial na Coruña e José Manuel Balseiro Orol en Lugo; mentres que Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Cores Tourís e Ignacio López-Chaves Castro continúan á fronte das delegacións de Ourense, Pontevedra e Vigo, respectivamente.

### **Ovidio Rodeiro Tato**

Naceu en 1972 no concello coruñés de Boqueixón, onde é alcalde desde 2015 e onde con anterioridade foi xa concelleiro dende 1999 e primeiro tenente de alcalde desde 2003. É diplomado en Maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Xerontoloxía Social tamén pola USC e Máster en Prevención de Riscos Laborais pola Universidade de Vigo. Entre os anos 2009 e 2015 foi director xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia.

### **José Manuel Balseiro Orol**

Nacido en Ferreira do Valadouro (Lugo) en 1962, foi director comercial dunha empresa durante 16 anos e coordinador do equipo de vendas en España e Portugal. Exerce dende 1999 o posto de primeiro tenente de alcalde de Cervo. Desde 2005 é deputado no Parlamento galego, onde nos últimos sete anos foi secretario da Mesa do Parlamento.

### **María Sol Díaz Mouteira**

Naceu en Kelkheim (Alemaña), en 1967. É licenciada en Dereito pola UNED e especializada en Dereito Civil Galego pola Universidade de Santiago de Compostela. Funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, foi delegada provincial da Consellería de Xustiza en Ourense entre 2003 e 2005. Desde 2009 ocupou a Xefatura Territorial en Ourense da Consellería de Educación e posteriormente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, pasando despois a ocupar a Secretaría Territorial desa mesma delegación. Tras ser uns meses deputada no Parlamento galego, en outubro de 2015 foi nomeada delegada territorial da Xunta en Ourense.

### **José Manuel Cores Tourís**

Nacido en Cambados (Pontevedra) en 1958, fundou HORSAL en 1985, xunto con outros catorce horticultores da comarca do Salnés, e desempeñou o cargo de director-xerente durante nove anos. Ademais, foi vicepresidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas desde 1992 ata 2007. A súa actividade política comezou no ano 87 ao ser elixido concelleiro en Cambados, onde chegou a ser alcalde entre os anos 1999 e 2009. Tamén foi senador por Pontevedra do ano 2000 ao 2009.

**Ignacio López-Chaves Castro**

Nacido en Vigo en 1964, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi secretario do Consello Social da Universidade de Vigo e profesor asociado de Dereito Civil da Universidade de Vigo. No concello olívico foi concelleiro de Asuntos Sociais e tamén ocupou un escano do Parlamento galego na VII Lexislatura. Foi presidente da Autoridade Portuaria de Vigo e en outubro de 2015 foi nomeado delegado territorial en Vigo da Xunta de Galicia.



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO ENLACE DA AP-9 COA CIDADE DA CULTURA**

- *O Goberno galego aproba o decreto de utilidade pública dos 96 predios afectados por este novo acceso á cidade de Santiago desde a autoestrada, que contribuirá a pór en valor o complexo do monte Gaiás*
- *O orzamento inicialmente previsto para as expropiacións é de máis de 300.000 euros*
- *A Xunta, que redactou tamén o proxecto construtivo do novo enlace, cumpre así as obrigas que asumiu no convenio asinado o pasado outubro para o impulso desta actuación co Ministerio de Fomento, que se encargará de contratar e executar as obras*
- *O enlace, coordinado coas obras en marcha de ampliación da autoestrada, situarase no p.q. 70 da AP-9 e conectará esta vía con Compostela á altura da Cidade da Cultura e, polo tanto, co Multiúsos do Sar e as zonas residenciais das Fontiñas e Sar*
- *O nó contribuirá tamén a desconxestionar a circulación na AP-9, aliviando o intenso tránsito que rexistran os accesos á cidade nesa autoestrada, xa que funciona como circunvalación libre de peaxe*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do novo enlace da autoestrada AP-9 coa Cidade da Cultura, en Santiago. O Goberno galego inicia así os trámites para a expropiación dos 96 predios afectados por este novo acceso á cidade de Compostela desde a autoestrada, que contribuirá de forma significativa a pór en valor o complexo do monte Gaiás.

O orzamento inicialmente previsto pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para o financiamento das expropiacións é de 307.000 euros.

O pasado mes de outubro, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento asinaron un acordo para o impulso desta actuación, comprometéndose a Administración autonómica a redactar o proxecto construtivo do novo enlace e a realizar e custear as expropiacións necesarias para a execución. Unha vez remitido ao Ministerio de Fomento o proxecto para a súa aprobación definitiva, o Goberno galego aproba hoxe o decreto de urxente ocupación para a posta á disposición dos terreos, polo que corresponde agora ao Goberno central a contratación e execución das obras, que terán un prazo de execución de 9 meses.

O enlace da AP-9 coa Cidade da Cultura é unha actuación que está coordinada coas obras en marcha de ampliación desta autoestrada ao seu paso por Santiago e contribuirá tamén a desconxestionar a circulación por ela, aliviando o intenso tránsito



que rexistran os accesos á cidade nesa autoestrada, xa que funciona como circunvalación libre de peaxe.

O novo enlace situarase no punto quilométrico 70 da autopista AP-9 e conectará esta vía de alta capacidade coa cidade de Compostela á altura da Cidade da Cultura, localizada no monte Gaiás e, polo tanto, co Multiúsos do Sar e as zonas residenciais das Fontiñas e Sar.

En sentido Pontevedra, os ramais de saída e entrada da nova ligazón deséñanse a partir do carril máis exterior do tronco, de maneira que sobre a calzada de catro carrís se manteñan tres carrís pasantes, sendo así necesario un cebreamento pola beiravía exterior da plataforma da autoestrada AP-9.

En sentido A Coruña, o ramal de saída desde o tronco da autoestrada AP-9 cara ao nó deséñase como prolongación do quinto carril, o máis exterior, procedente da ligazón de Santiago, este segundo a actuación actualmente en execución, de maneira que se manteñan catro carrís pasantes. O ramal de entrada desde a cidade da cultura en sentido A Coruña incorpórase ao tronco de catro carrís mediante o correspondente carril de aceleración.

O enlace conéctase coas glorietas que actualmente se atopan executadas nas vías interiores da Cidade da Cultura, no monte Gaiás, polo que é necesario ampliar o seu tamaño. Requirirá, ademais, da execución dunha nova glorieta na outra marxe.



## **A XUNTA INCREMENTA PRETO DUN 30 POR CENTO A DOTACIÓN ECONÓMICA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a addenda do convenio asinado este ano co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por un importe de 45.000 euros*
- *Dende o ano 2009, un total de 3.231 persoas foron atendidas polo programa de atención psicolóxica e, grazas ao programa Abramos o Círculo, foron atendidos 527 homes con problemas de control da violencia*
- *Abramos o Círculo está dirixido á atención psicolóxica especializada e de apoio para homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia e que desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o incremento en preto dun 30 por cento da dotación económica do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de 45.000 euros, polo que o orzamento total para este ano alcanza preto dos 200.000 euros.

O programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero é para as e os menores e outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, iniciouse no ano 2004, e está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación. O programa conta cunha psicóloga coordinadora e unha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.

Dende o ano 2009, un total de 3.231 persoas foron beneficiadas polo programa de atención psicolóxica, das cales foron 2.273 mulleres, 846 menores e 112 persoas dependentes. E grazas ao Programa Abramos o Círculo, foron atendidos 527 homes con problemas de control da violencia.

**Abramos o círculo**

Dende o ano 2001, a Xunta de Galicia colabora co Colexio no programa Abramos o Círculo, dirixido a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, mediante un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Conta cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional e inclúe a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala. Ademais, no ano 2015 elaborouse e difundíronse, a través dos CIM, centros de acollida, xulgados, centros de saúde, entre outros, un total de 10.000 exemplares do díptico informativo sobre o programa Abramos o Círculo, coa finalidade de achegar información sobre el tanto aos/ás profesionais que traballan na atención a vítimas de violencia de xénero como á sociedade en xeral.



## **A XUNTA DE GALICIA APROBA UN TEITO DE GASTO PARA 2017 DE 9.063 MILLÓNS, UN 2,9% MÁIS QUE NO ORZAMENTO DESTE ANO**

- *O límite de gasto aumenta en case 260 millóns de euros sobre o incluído no orzamento do exercicio vixente*
- *O teito de gasto axústase ao límite de déficit do 0,5% para o conxunto das CCAA*
- *Enviárase o acordo ao Parlamento para a súa inmediata aprobación, co obxectivo de presentar os orzamentos de 2017 nos primeiros días de decembro*
- *A Xunta prevé que neste segundo semestre a economía galega terá un comportamento mellor que o do conxunto de España, e eleva a previsión unha décima*
- *Tamén mellora a previsión do PIB para 2017, ata o 2,4%, e o paro baixará ao 15,6%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o teito de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2017, que ascende a 9.063 millóns de euros, un 2,9% máis que o gasto previsto nos orzamentos vixentes. Isto supón que o gasto da Comunidade Autónoma en 2017 medrará ata 259 millóns de euros e poderá superar o límite dos 9.000 millóns por primeira vez desde o ano 2011.

O acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta establece que o límite de gasto para 2017 ascenderá a 9.063 millóns de euros, o que representa un incremento de 259 millóns sobre o orzamento vixente (8.804 millóns), aínda que a capacidade de gasto real medrará aínda máis tendo en conta que se volverá reducir o capítulo de gasto financeiro. Destes 9.063 millóns, 8.748 son ingresos non financeiros, 298 proceden do cumprimento do obxectivo de déficit e 17 millóns de axustes de contabilidade nacional.

Precisamente, o límite de gasto non financeiro para 2017 axústase ao obxectivo de déficit público que as comunidades autónomas terán que cumprir o vindeiro ano, que é do 0,5% do PIB, dúas décimas menos que o obxectivo para este exercicio. Galicia mantén o compromiso de seguir cumprindo os obxectivos aprobados no Consello de Política Fiscal e Financeira, como vén facendo nos últimos anos.

O 2016 foi o primeiro ano no cal a Xunta non puido aprobar en prazo o límite de gasto non financeiro a causa da inestabilidade política do Estado. Non obstante, o Goberno galego presentou a principios de setembro unha estimación de teito de gasto non financeiro –de 9.039 millóns de euros, 24 menos do límite aprobado hoxe–, o que permitiu á Administración galega axilizar a tramitación dos orzamentos para 2017 e adiantar a data de aprobación.

Unha vez aprobado no Consello da Xunta, o Goberno galego remitirá inmediatamente o acordo á Cámara para iniciar a súa tramitación parlamentaria e posterior aprobación, co obxectivo de presentar os orzamentos da Comunidade Autónoma para 2017 nos primeiros días do mes de decembro.

### **Crecemento económico**

En canto ás estimacións macroeconómicas, a Xunta prevé que neste segundo semestre do ano a economía galega rexistrará un mellor comportamento que a media española, grazas ao aumento da actividade principalmente no sector industrial e servizos. Deste xeito, o Executivo galego eleva a previsión de PIB para este 2016 unha décima, ata o 3,1%.

En 2017, a Xunta estima que a economía galega seguirá medrando e que o fará a unha taxa interanual do 2,4%, unha décima máis do previsto na última actualización do cadro macroeconómico. A mellora das previsións, tanto neste ano como en 2017, débese principalmente a que se agarda unha mellor evolución da demanda interna, ao bo comportamento das exportacións e no maior incremento do emprego.

Respecto da taxa de paro, a previsión da Xunta para este ano é que se manteña a baixada do desemprego ata o 17,4%, mentres que para 2017 se espera que siga baixando ata o 15,6%. Así, Galicia manterá un diferencial positivo en taxa de paro de España de 2,2 puntos o vindeiro exercicio, dado que a estimación de paro para o conxunto do Estado é do 17,8%.

En todo caso, as previsións macroeconómicas son coherentes coa senda establecida no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que prevé un crecemento medio do PIB galego no contorno do 2,5% durante a segunda parte da década.

Os últimos datos de contabilidade trimestral publicados a finais de agosto polo Instituto Galego de Estatística seguen confirmando a consolidación da recuperación da economía galega. O PIB galego xa está a medrar a un ritmo anual do 3% -o máis elevado desde principios de 2008-, e no segundo trimestre a economía galega creceu un 0,8% en taxa intertrimestral.

## **O PLAN XERAL DE FOZ AVANZA UN PASO MÁIS NA SÚA APROBACIÓN CO RECOÑECEMENTO DOS NÚCLEOS RURAIS DA IGREXA E A TELLADA**

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a clasificación destes ámbitos como rurais, no canto de solo rústico de especial protección de espazos naturais*
- *Trátase de dous asentamentos moi consolidados, con anterioridade á súa inclusión na Rede Natura, decisión abordada en marzo de 2004*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o recoñecemento dos núcleos rurais da Igrexa e da Tellada. Deste xeito, o Plan xeral de ordenación municipal de Foz avanza un paso máis cara a súa aprobación definitiva.

Trátase de dous ámbitos que se exclúen do solo rústico de especial protección de espazos naturais para delimitar os ditos terreos como núcleos rurais, para o que é precisa a autorización expresa do Consello da Xunta; tal e como se recolle nos artigos 13.4 e 32.2.f da Lei do solo de Galicia.

Dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio considérase que este trámite é preciso polo tratamento outorgado polo PXOM de Foz a estes dous núcleos rurais, cuxos asentamentos están xa moi consolidados e son anteriores á súa inclusión na Rede Natura, xa que a lista de lugares de importancia comunitaria de rexión bioxeográfica atlántica foi aprobada en Comisión con data do 7 de marzo de 2004.

Na actualidade, o Concello de Foz está a traballar na redacción do Plan xeral de ordenación municipal, que foi aprobado provisionalmente en marzo deste mesmo ano e porá fin ás Normas subsidiarias de planeamento vixentes dende 1981, hai 35 anos.

A Xunta de Galicia destaca o apoio técnico e económico a este documento, que planificará o desenvolvemento deste concello lugués para os vindeiros 12 anos, ao cal concede axudas por importe de máis de 200.000 euros.



## **A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR PROGRAMAS DE AXUDA ÁS UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS DOS CONCELLOS**

O Consello da Xunta acaba de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas, e Xustiza; a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Fegamp para o financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias (UAD), a través dos Concellos que dispoñan destas unidades, atendendo a planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

En total, a Xunta de Galicia destinará a este convenio 3.979.799,92 euros. Cada concello, logo dos informes técnicos previstos, recibirá un importe global e único para os programas que desenvolva.

Prímase a continuidade dos servizos existentes e despois establécense outros criterios como son: dispor de unidades de día en cidades pertencentes á áreas con índice elevado de consumo de drogas; dispor de infraestruturas independentes dos centros de saúde ou PAC; dispor de conexión cun servizo de saúde mental para unha mellor coordinación da asistencia dispensada; e ser un centro transfronteirizo. Valóranse igualmente outros factores sociosanitarios e a evolución da demanda asistencial nos últimos anos.

O procedemento é o mesmo dos últimos anos: a Administración sanitaria achega á Fegamp unha cantidade que será distribuída entre os concellos para a realización de proxectos ou programas conforme os criterios antes indicados. Os concellos deben presentar a xustificación dos gastos realizados.

## **SANIDADE AVALÍA AS CONDUCTAS DE RISCO NA POBOACIÓN GALEGA ADULTA A TRAVÉS DA OITAVA ENQUISA SICRI**

- *O obxectivo é avaliar os programas de saúde pública para promover condutas saudables e prácticas preventivas na poboación galega*
- *En xeral, a poboación galega de 16 anos e máis percibe que, en xeral, o seu estado de saúde é bo*
- *O 21,8% dos galegos maiores de 15 anos fuman, ben a diario ou de xeito ocasional, e a prevalencia de fumadores é máis alta entre os homes que entre as mulleres*
- *O 48,3% da poboación de 16 e 17 anos declararon que tomaran polo menos unha bebida con alcohol no mes previo á entrevista*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, presentou esta mañá ao Consello da Xunta os resultados da oitava enquisa sobre condutas de risco na poboación galega realizada en 2015. Este estudo realízao a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, sobre diferentes condutas de risco na poboación galega adulta, como son, entre outros, o tabaco, a nutrición e a actividade física.

O obxectivo do Sistema de información sobre condutas de risco (SICRI) é avaliar na nosa comunidade autónoma os programas de saúde pública que ten en marcha a Consellería de Sanidade para promover condutas saudables e prácticas preventivas na poboación galega.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actividades de apoio o Plan de prioridades sanitarias e complementa aquelas actuacións que a Xunta de Galicia desenvolve no eido da promoción e protección da saúde. Ademais, forma parte das actividades de vixilancia en saúde pública.

### **Resultados último SICRI**

A poboación galega de 16 anos e máis percibe que, en xeral, o seu estado de saúde é bo e, a pesar de que a percepción empeora a medida que a poboación enquisada ten máis idade, case a metade dos galegos maiores de 65 anos perciben a súa saúde como boa. Ademais, respecto de 2007 a percepción mellora.

Das enfermidades crónicas estudadas no SICRI, a máis prevalente en Galicia na poboación de 16 anos e máis é a hipertensión arterial; así, 20 de cada 100 galegos maiores de 15 anos din que o médico lle diagnosticou hipertensión e que están a tratamento no momento da enquisa, o que supón aproximadamente 460.000 persoas. Esta prevalencia diminúe ata o 15% no caso da hipercolesterolemia e ao 7% no caso da diabetes. No caso do cancro, 6 de cada 100 galegos de 16 anos e máis din ter ou ter tido cancro ao longo da súa vida. En xeral non se observan diferenzas entre homes

e mulleres, si se evidencia un aumento coa idade. Pero no caso do cancro, entre as mulleres de 45 a 64 anos a prevalencia autodeclarada de cancro é case o dobre que entre os homes.

En relación á utilización dos servizos sanitarios, cando se lles pregunta aos galegos onde consultarían se tivesen un problema de saúde e tivesen que ir ao médico de primaria o 93,6% din que irían á sanidade pública, porcentaxe que é do 87,5% cando se lle pregunta se a consulta fose cun especialista.

O 82,2% das galegas fixeron algunha vez unha citoloxía. Esta porcentaxe supera o 90% entre as galegas de 25 a 64 anos e non chega ao 50 % entre as de 16 a 24 anos. O 72,8% fixérona na sanidade pública. O 76% das galegas teñen feito unha citoloxía nos últimos 3 anos. Con respecto a 2006, a porcentaxe de galegas que realizaron unha citoloxía ao longo da súa vida aumentou, xa que en 2006 se estimou no 70,6%.

#### **Datos do SICRI sobre consumo de tabaco e alcohol e sobrepeso**

O 21,8% dos galegos maiores de 15 anos fuman, ben a diario ou de xeito ocasional, o que supón aproximadamente 520.000 persoas. A prevalencia de fumadores é mais alta entre os homes (25,4%) e entre a poboación de 25 a 44 anos (32,4%). E a medida que a poboación é mais nova declaran empezar a fumar antes, así entre a poboación de 65 e máis anos a idade media foi de 21,8 anos e entre os de 16 a 24 de 17,1.

O 33% dos galegos maiores de 15 anos declaran estar expostos, ben a diario ou de xeito ocasional ao fume ambiental de tabaco (FAT) na casa, no traballo, no coche ou nos lugares de ocio. Dende 2007 a prevalencia de consumo de tabaco diminuíu, xa que por entón estimouse que fumaban o 25,4% dos galegos de 16 anos en diante. Tamén se observou un descenso moi importante da prevalencia de exposición ao FAT en calquera dos ámbitos estudados.

O 48,3% da poboación de 16 e 17 anos declaron que tomaran polo menos unha bebida con alcohol no mes previo á entrevista; esta porcentaxe é mais alta nos mozos (52%) ca nas mozas (44,1).

O 38,7% dos galegos maiores de 15 anos teñen sobrepeso, o que supón aproximadamente 920.000 persoas. A prevalencia de obesidade autodeclarada en global é do 17,3%, o que supón que en Galicia hai aproximadamente 400.000 obesos, sendo similar en homes e mulleres. Dende 2006 a prevalencia de obesidade en Galicia, entre os maiores de 15 anos, aumentou en 5 puntos porcentuais, xa que entón era do 12,3%.

O 37,2% (36-38,5) dos galegos son inactivos, sendo a prevalencia mais alta entre as mulleres (43,8%).

### **Metodoloxía do SICRI**

A Dirección Xeral de Saúde Pública realizou a primeiro enquisa do SICRI no ano 2004, que tiña como como tema único para tratar o consumo de tabaco, xa que nese momento non se coñecía como se comportaba a epidemia tabáquica na nosa comunidade autónoma.

A partir de entón as enquisas realizáronse con periodicidade cuasi anual, e así o SICRI xa leva realizados 8 estudos sobre diferentes condutas de risco na poboación galega adulta.

Para obter a información o SICRI selecciona persoas a partir dun marco de mostraxe concreto, coa intención de proporcionar datos representativos de 8 subpoboacións de Galicia: os homes e mulleres de 16 a 24, de 25 a 44, de 45 a 64 e de 65 ou máis anos de idade. A enquisa é telefónica e o marco de mostraxe que se emprega é tarxeta sanitaria, que ten unha cobertura poboacional estimada do 97%. En total, realízanse sobre 700 enquisas ao mes, sobre os 8 subgrupos de poboación.

No ano 2015 o SICRI realizou 7.908 entrevistas (3.959 a homes e 3.949 a mulleres) en toda Galicia a partir dun cuestionario que recollía información sobre diferentes condutas de risco e prácticas preventivas, obtendo información sobre a saúde dos galegos, a exposición a factores de risco e sobre a utilización de servizos sanitarios.

## A VENDIMA DE 2016 PÉCHASE EN GALICIA CON CASE 60 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA COLLEITADA E DE MOI BOA CALIDADE EN XERAL

- *Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural, elaborado a partir dos datos fornecidos polos cinco consellos reguladores vinícolas galegos*
- *Esta foi a terceira colleita máis abundosa dos últimos dez anos e está lixeiramente por riba da media dese período*
- *Todos os consellos reguladores aseguran ter unha uva de boa calidade e estado sanitario, polo que se prevé que os viños desta vendima sexan de moi alta calidade*

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre os resultados da vendima deste 2016, onde os quilos totais recollidos ascenden a preto de 60 millóns. Trátase da terceira colleita máis abundosa dos últimos dez anos e sitúase lixeiramente por riba da media deste período (2007-2016).

A pesar das previsións iniciais, que apuntaban a un descenso do 20% na cantidade de uva vendimada respecto á da campaña pasada, finalmente pechouse a campaña cunha diminución de tan só un 6% respecto ao ano 2015, matizando que a denominación de orixe Rías Baixas aumentou a súa produción con respecto á última vendima. Porén, a D.O. Valdeorras foi a que tivo un descenso de produción máis acusado, como consecuencia das condicións meteorolóxicas desfavorables.

Así, dos 59.711.288 quilos de uva colleitada, o 84% pertence a variedades brancas e o resto, a variedades tintas. Cómpre sinalar que, este ano, as variedades autóctonas máis representativas aumentaron a súa participación na elaboración dos nosos viños, en detrimento doutras variedades comúns e non autóctonas. Destaca a uva albariña (cun 65,2% da uva branca total colleitada) e a mencia (cun 79,1% da uva tinta total).

Se analizamos os datos por denominacións de orixe, o 55,9% do total recollido pertence á D.O. Rías Baixas, seguida da D.O. Ribeiro cun 19,5%, a D.O. Ribeira Sacra cun 9,3%, e moi de preto as D.O. Valdeorras e Monterrei co 7,8% e 7,5%, respectivamente.

En xeral, a uva recollida é de boa calidade, en gran parte debido a que as chuvias dos días previos ao inicio da colleita foron fundamentais para equilibrar os distintos graos de maduración tras un verán que foi particularmente seco. Así, as chuvias que se produciron nos días previos á vendima permitiron engordar a uva e acadar un bo equilibrio de alcohol e acidez. Por iso, todo presaxia que os viños desta colleita serán de moi boa calidade.

### **Traballo intenso**

Esta campaña implicou, no conxunto das cinco denominacións de orixe, case 16.000 titulares de viña e 460 adegas. Para os labores de control, os consellos reguladores empregaron a máis de cen persoas entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente para estes labores.

A denominación de orixe máis temperá na recollida da uva foi a de Rías Baixas, sendo a de Valdeorras a última en comezar. Isto debeuse, principalmente, a que as condicións meteorolóxicas afectaron de moi diversa forma as distintas comarcas.

### **Sector estratéxico**

O vitivinícola é un dos sectores estratéxicos para a economía de Galicia, sendo o máis exportador dentro do tecido agroindustrial. En 2015, estas adegas comercializaron 387.000 hl de viño, cun valor en orixe duns 180 millóns de euros.

Estamos a falar dun sector que, na campaña 2014/15, incrementou as súas exportacións un 104,6% respecto á campaña 2008/09, o que significa que exporta o 17,5% da produción total, que se incrementou nese período un 34,4%.



## **MAR SUBVENCIONA 72 PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO QUE PREVÉ CREAR MÁIS DE 60 EMPREGOS**

- *O Consello da Xunta analizou un informe sobre a tramitación da convocatoria de 2016 das axudas aos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro realizados ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo*
- *Estes proxectos inclúen actuacións destinadas a aumentar o emprego e a cohesión territorial nas comunidades pesqueiras e acuícolas e tamén contribúen a diversificar as actividades realizadas no marco da pesca*
- *Entre as iniciativas subvencionadas están unha fábrica de bombóns de algas e cítricos, a instalación de ramplas na beira do final do río Eume para as persoas con discapacidade, un espazo expositivo da conserva de Camariñas, unha conserveira artesanal e un centro de elaboración e transformación de produtos do mar*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a tramitación da convocatoria de 2016 das axudas aos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro realizados ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca. Ao abeiro desta orde, a Consellería do Mar subvenciona 72 proxectos por un importe de preto de 4,6 millóns de euros, unhas iniciativas a través das cales se prevé crear máis de 60 postos de traballo.

Estas axudas enmárcanse no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 que incorpora as estratexias de desenvolvemento local participativo postas en práctica polos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) como principal instrumento para o logro da prioridade da UE de aumentar o emprego e a cohesión territorial.

Así, estes proxectos inclúen actuacións destinadas a aumentar o emprego e a cohesión territorial nas comunidades pesqueiras e acuícolas. Ademais, tamén fomentan o emprego feminino e contribúen a diversificar as actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.

Por outra banda, estas iniciativas tamén inclúen accións que contribúen ao aumento do valor e da promoción da innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura e o aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas. A través delas tamén se busca fomentar o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo e reforzar o papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.



### **Exemplos de proxectos**

Entre os proxectos que contan con axuda está o dunha fábrica de bombóns elaborados con algas e cítricos, do GALP Mariña Ortegal, promovido por unha muller maior de 45 anos con experiencia empresarial. Outra iniciativa do GALP Ártabro Norte, promovida pola Asociación recreativa de pescadores de Caaveiro é a instalación de tres ramplas na beira do final do río Eume, dentro do parque natural das Fragas do Eume, para que as persoas con discapacidade poidan facer unha inmersión no contorno natural e mariño deste espazo protexido.

O turismo industrial é o protagonista doutro proxecto do GALP da Costa da Morte, promovido por Industrias Cerdeimar. Consiste en aproveitar parte dunha edificación existente no complexo industrial conserveiro para implantar nela un espazo expositivo da conserva de Camariñas.

O GALP seo de Fisterra ría de Muros e Noia ten un proxecto promovido pola empresa Sotavento S.L. que consiste nunha conserveira artesanal en Nebra, Porto do Son, integrada por dúas socias menores de cuarenta anos. As conservas que elaborará serán de produtos das rías do ámbito territorial do GALP. Outro proxecto deste grupo é un centro de elaboración e transformación de produtos do mar, promovido pola empresa Mariscos Antón Fernández, S.L. Esta iniciativa farase a raíz da rehabilitación dunha antiga depuradora de moluscos, na localidade de Abelleira.

O turismo tamén estará presente noutra iniciativa do GALP ría de Arousa, promovida por unha muller e que inclúe a realización de rutas nunha embarcación para a promoción da pesca costeira artesanal na ría de Arousa, contando coa colaboración dos barcos e mariscadoras que traballan no sector.

Por outra banda, o GALP ría de Vigo-A Guarda ten un proxecto sobre a gobernanza da pesca no parque nacional das Illas Atlánticas, promovido pola confraría de Cangas. Inclúe a elaboración dun documento de diagnose que recolla a dependencia socioeconómica das confrarías das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo no ámbito das augas do parque nacional das Illas Atlánticas. Outro proxecto deste grupo, promovido pola confraría de pescadores e polo concello de Vilaboa, é a implementación dun sistema de xestión das algas procedentes da limpeza dos bancos marisqueiros do litoral de Vilaboa, con implicación directa do sector do mar nesta xestión.

### **Os GALP**

Os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro dan continuidade ao traballo desenvolvido dende os Grupos de Acción Costeira ou GAC. Son asociacións sen ánimo de lucro promovidas pola Unión Europea e compostas por entidades que representan os intereses socioeconómicos locais públicos e privados da zona que representan. En Galicia neste momento hai 7 GALP, os grupos de acción local do sector pesqueiro A

Mariña Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Costa da Morte, Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia: Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.